



ACONDICIONAMENTO E CONSOLIDACIÓN ARQUEOLÓXICA DO CASTRO DE VILADONGA NO ANO 2012

Marta Díaz Fernández (BIC Materiales y Conservación SLL)
Carolina Pérez Pérez (Museo do Castro de Viladonga)

A finais de setembro de 2012 finalizaron os traballos de limpeza e consolidación arqueolóxica no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), xacemento declarado Ben de Interese Cultural coa categoría de monumento por Decreto da Xunta de Galicia 441/2009 de 11 de decembro (DOG de 28 de decembro de 2009). Estes traballos constituíron a primeira fase do proxecto xeral "Acondicionamento e consolidación arqueolóxica para a posta en valor do Castro de Viladonga" co-financiado polos fondos europeos FEDER e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A empresa adxudicatária para

desenvolver este proxecto é BIC Materiales y Conservación SLL e a dirección do control arqueolóxico corre a cargo de Emilio Ramil Rego.

Como xa é habitual e lóxico, os traballos neste xacemento foron proxectados e supervisados en todo momento tanto polos técnicos do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga baixo a dirección de Felipe Arias Vilas como pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Os labores de restauración efectuados neste ano 2012 son continuación dos que se viñeron realizando no Castro de Viladonga nos anos 2008, 2009 e 2010, todos eles financiados pola Consellería de Cultura, e así mesmo terán continuidade nunha segunda fase deste mesmo proxecto no 2013.

O Castro de Viladonga comezou a escavarse no ano 1971 baixo a dirección de Manuel Chamoso Lamas ata 1977. Posteriormente, e desde 1982 en que se fai cargo dos traballos Arias Vilas, as escavacións non tiveron periodicidade anual pero perduraron ata o 2008, polo que moitas das estruturas levan moitos anos exhumadas e expostas ás causas naturais de deterioro. Nas dúas últimas décadas levábanse a cabo campañas de escavación e paralelamente consolidacións puntuais, pero, ante a preocupación transmitida polos técnicos do Museo á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e debido ao deterioro observado nalgúns das estruturas escavadas, dende o ano 2008 o obxectivo prioritario das intervencións é a conservación e restauración das estruturas antes que a prosecución das escavacións.



No ano 2008 realizouse por primeira vez a restauración integral dun conxunto de estruturas, ou barrio¹, fronte as consolidacións puntuais ou máis localizadas que se viñan facendo ata entón. Esta muda de criterio pretende unha consolidación de conxuntos estruturais para garantir a preservación integral a longo prazo aínda que se combina con actuacións puntuais de urxencia. Debemos sinalar que esta decisión de certo cambio de criterio tivo como apoio os estudos previos realizados coa colaboración da profesora Benita Silva Hermo².

-Espazo 2: conxunto de catro unidades habitacionais situadas en paralelo á muralla que chamamos "barrio norte" (E46, E47, E48 e E49).

-Espazo 3: construción alongada de gran tamaño, denominada "casa grande" (E50).

As patoloxías observadas podemos dividilas principalmente en tres tipos: a) **patoloxías estruturais** correspondentes a muros inclinados e inestables e derrubamentos localizados, alicerces dos muros



Na campaña realizada no ano 2012 os espazos a intervir foron os seguintes:

-Espazo 1: parte do paramento de muralla na entrada este da croa do castro (E24).

1 Definimos como "barrio" un conxunto de unidades habitacionais que se relacionan construtivamente.

2 Grupo de Estudos Medioambientais aplicados ao Patrimonio. Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela.

descalzados e, por tanto, inestables; b) **patoloxías compositivas** derivadas do deterioro da estrutura interna da pedra caracterizado polo decisivo proceso de exfoliación ou meteorización da lousa ou do xisto; c) **patoloxías antrópicas** como as antigas reconstrucións puntuais pouco apropiadas polo uso de cemento e algúns métodos de escavación que deixaron "descalzados" parte dos alicerces dos muros na procura de esgotar os niveis arqueoloxicamente fértiles.

Así pois, as causas destas patoloxías débense a unha complexa interacción dos factores de alteración: a propia composición da pedra, os factores medioambientais, o duro clima da zona con grandes contrastes de temperatura, abundantes chuvias e frecuentes xeadas e mesmo nevadas, mentres que outras patoloxías son consecuencia da acción humana, dos métodos antigos tanto de escavación en zonas concretas como de inadecuadas restauracións ou consolidacións puntuais que solucionaron parcialmente o deterioro pero non evitaron que se produza un novo dano no resto da estrutura; loxicamente, tamén teñen a súa causa no dilatado período histórico de abandono patrimonial do Castro desde a antigüidade, polo menos entre o século VI e o XX.



O traballo dos restauradores, sempre en colaboración cos arqueólogos, consiste principalmente en garantir a conservación e a comprensión do escavado, para o seu uso sostible como patrimonio cultural. O procedemento que se segue dá prioridade á restauración integral por barrios posto que é o xeito de lograr unha mellor conservación a longo prazo. Restáuranse os conxuntos de construcións relacionadas que presenten máis risco de deterioro e, puntualmente, as zonas concretas onde se observe que hai graves alteracións.

É preciso sinalar que estes traballos contan cunha vixilancia e un control constante e continuado grazas á existencia do Museo do propio sitio arqueolóxico e ao traballo dos técnicos deste centro por mantelo en boas condicións e por informar das necesidades, urxentes ou non, do coidado continuado deste Castro aos responsables da Administración (neste caso, asemade, titular do ben patrimonial). Existe, por tanto,

unha actuación de conservación preventiva imprescindible para que os traballos de restauración nun xacemento ao aire libre sexan eficaces.

O método de traballo seguido pola empresa BIC nas diferentes campañas de restauración e conservación baséanse nun protocolo que consiste, primeiramente, nos estudos previos das estruturas e das relacións entre muros, con elaboración de fichas específicas de diagnose, fotografías, debuxos, análises das argamasas, etc. Todo isto permite deseñar uns tratamentos de conservación adecuados ás necesidades de cada construción e que garantan a súa preservación para o futuro. Así, por exemplo, para os muros inclinados ou con risco de caída lévanse a cabo labores de desmonte e posterior montaxe marcando previamente cunha sigla as pedras dos paramentos para recolocalas logo na súa posición orixinal, mentres que a pedra deteriorada ou "enferma" substitúese por outra en bo estado, diferenciando sempre o orixinal do restaurado mediante a colocación dunha liña, descontinua pero visible, de pequenos anacos de cuarzo branco, tamén presente no Castro.



Para solucionar o problema de filtracións e acumulación de auga e humidades no interior dos muros realízanse drenaxes e recheos que contribúen á súa boa conservación. As drenaxes permiten illar os muros e alicerces dos efectos destrutivos da auga e, deste xeito, poder manter unha boa estabilidade.

A restauración, ademais, achega datos e informacións de carácter puramente arqueolóxico que son de interese para o estudo histórico deste xacemento e que permiten comprobar, por exemplo, a existencia de

dous tipos de argamasa de diferente cor nas construcións: unha ocre, máis antiga, e outra avermellada, correspondente a ampliacións ou reformas nalgunhas das casas do poboado castrexo-romano.

Estes datos reflíctense na consolidación, que pretende ter, tamén, unha finalidade didáctica, empregando dúas argamasas de cal hidráulico natural puro coloreadas con pigmentos naturais e rigorosamente dosificadas, sempre respectando os alzados dos muros e a relación orixinal entre as estruturas. Así, pódese seguir a secuencia da evolución das construcións, coa que se demostra que o Castro foi un lugar vivo e en continua transformación durante varios séculos.

A restauración da denominada "casa grande" achegou nova información, xa que durante os traballos de limpeza e consolidación dos seus paramentos laterais, ao desmontar o muro leste, descubriuse un nivel inferior dos restos dunha construción de muros curvos correspondente a unha estrutura -feita en parte con material perecedeiro, madeira ou outros materiais vexetais- dunha fase máis antiga, moi probablemente prerromana, que presenta certa continuidade con outros restos xa escavados nesta zona nordés do xacemento. Neste nivel de ocupación máis antigo apareceron algúns restos de ósos de animal.



Tamén no muro oeste desta "casa grande", durante a fase de limpeza descubriuse nos alicerces un muro circular pertencente a unha vivenda dunha etapa anterior, sobre a que se construíu o muro recto da devandita "casa grande"; isto constata que no Castro se producía unha reutilización e aproveitamento dos muros antigos para erixir outras construcións e mesmo para novos usos.

Como esta construción de carácter "comunal" é unha das máis singulares do Castro, tanto pola forma como polo grande tamaño, e nela fanse actividades didácticas, decidiuse consolidar o banco apegado ao interior do muro leste, protexéndoo cunha fiada de pedra de lousa que mellora a súa visibilidade.



No caso de Viladonga, desde a dirección do seu Museo, de acordo co Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, sempre se fixo fincapé en manter o xacemento como unha "ruína consolidada" con certo carácter ecolóxico, é dicir, apostando polo emprego de materiais compatibles que respecten o contorno e o medio natural do sitio, evitando o uso de masas inadecuadas e doutros produtos como os herbicidas indiscriminados que poden causar dano nos muros, e traballando por unha conservación sustentable e insistindo no coidado continuado.

Neste sentido, tamén debe salientarse a utilización dunha cuberta colocada nos remates superiores dos muros con lousas recortadas e con terróns de herba, que teñen demostrado a súa eficacia á hora de evitar que a auga e mesmo o xeo penetre nas estruturas e as deteriore, e que ademais serven como elemento definitorio destas, xa que ofrecen unha mellor visión e

comprensión dos diferentes conxuntos de construcións, a maiores de permitir a distinción entre as partes restauradas (nas que florece unha rechamante herbíña rosada) das que non o están.



Debemos lembrar a necesidade periódica do rozado da vexetación de todo o xacemento, pois a limpeza é tarefa imprescindible para unha boa conservación dun xacemento como Viladonga, e así, nesta campaña anual realizáronse dúas rozas xerais da croa e a muralla principal.

Na seguinte campaña do ano 2013, ademais de continuar cos labores de consolidación e limpeza do Castro, está previsto mellorar a accesibilidade a varias zonas da croa, así como a colocación de tres paneis informativos e orientadores para a visita in situ do xacemento, a maiores de toda a información que xa se ofrece no mesmo Museo. Esta proposta de sinalización contribúe, por unha banda, a facilitar o percorrido dos visitantes e, por outra, a mellorar a conservación do xacemento impedindo as pisadas por lugares susceptibles de deterioro. Paralelamente aos traballos de conservación e como labor de difusión realizaranse visitas guiadas durante a campaña que teñen como obxectivo explicar como e para que se fan os traballos de restauración e, deste xeito, tratar de promover unha conciencia cidadá sobre a importancia de conservar o patrimonio arqueolóxico.



Bibliografía:

ARIAS VILAS, F. / DURÁN FUENTES, M^oC.: *Museo do Castro de Viladonga*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1996.

BUCETA BRUNETI, G. / PÉREZ PÉREZ, C.: "Os traballos de restauración na campaña 2008 no Castro de Viladonga", *Croa*, 19, 2009, p. 22-31.

BUCETA BRUNETI, G. / PÉREZ PÉREZ, C.: "Da teoría á praxe. Intervención nas estruturas 25/26 no Castro de Viladonga", *Croa*, 21, 2011, p. 13-19.

PÉREZ PÉREZ, C.: "Aproximación ao estado de conservación das estruturas do Castro de Viladonga", *Croa*, 15, 2005, p. 7-14.

SILVA HERMO, B. / PRIETO LAMAS, B. / PEREIRO PARDO, L.: "Análise dos factores de deterioración do castro de Viladonga", *Croa*, 18, 2008, p. 14-19.

VV.AA.: *El conservador-restaurador: definición de una profesión*, (ICOM-Comité Internacional para la conservación del Patrimonio), Copenhague 1984.